

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 4 DE ABRIL DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do arrendamento de equipos de impresión, fotocopiado, escaneado e fax para diversas sedes xudiciais e dependencias da Administración Pública de Galicia, por un orzamento de licitación de dous millóns cento sesenta e tres mil douscentos doce euros con cincuenta e nove céntimos (2.163.212,59 euros), e un valor estimado de cinco millóns trescentos oito mil seiscentos seis euros con cincuenta céntimos (5.308.606,50 euros).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto sectorial do parque empresarial de Cerceda.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Sarria e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento e execución das obras de adecuación da canle e ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro no termo municipal de Sarria (1ª fase), así como a formalización da encomenda de xestión para mantemento e conservación das ditas obras, por un importe total de seis millóns setecentos mil euros (6.700.000,00 euros).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia, para fixar as condicións da adquisición de vacinas da gripe estacional para a campaña 2013-2014.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de racionalización do sector público autonómico.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre recadación do canon eólico.
- Informe sobre a resolución do Programa Innoempresa do IGAPE 2012.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a aplicación do programa de prestación farmacéutica do Servizo Galego de Saúde nos centros sociosanitarios de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a determinación das especies que xeran pragas e enfermidades agrícolas e forestais, por importe de cento vinte mil euros (120.000,00 euros).

## **A XUNTA AFORRARÁ 392.000 EUROS AO ANO COA IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE IMPRESIÓN POR ARRENDAMENTO**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a licitación do servizo de impresión para toda a Administración de Xustiza e os departamentos dependentes da Presidencia e da Vicepresidencia***
- ***Este modelo de xestión substitúe o sistema de adquisición por compra polo de arrendamento e permitirá a dotación de ata 519 equipamentos nas sedes xudiciais galegas e en varias áreas da Administración autonómica***
- ***Estenderase a toda a Administración a partir de 2014, o que permitirá acadar un aforro estimado de 600.000 euros anuais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a licitación da contratación do servizo de impresión para as sedes xudiciais da Administración de Xustiza en Galicia, da área de Presidencia da Xunta e da Vicepresidencia e Consellería de Administracións Públicas e Xustiza. Este modelo de xestión substitúe o sistema de adquisición por compra polo de arrendamento, que consegue un aforro anual de 392.000 euros en gastos de impresión e mellora a prestación do servizo.

O novo contrato de arrendamento, inclúe a dotación de ata 519 equipamentos de impresión, escaneo, copia e fax que dan servizo aos departamentos dependentes da Presidencia, da Vicepresidencia, e ás sedes xudiciais galegas. Neste último caso son equipamentos adaptados aos requisitos de seguridade, perfís dos usuarios e ás necesidades das aplicacións informáticas que se empregan no eido xudicial. Este modelo estenderase a toda a Administración autonómica a partir de 2014, o que permitirá acadar un aforro estimado de 600.000 euros anuais.

### **Menos gasto e mellor servizo**

Este sistema de xestión do servizo de impresión, que inclúe tamén o mantemento, permitirá revertir a situación actual caracterizada polo alto custo en consumibles de diferentes tipos ao non contar cun equipamento homoxéneo, os elevados gastos de mantemento, un escaso control do consumo e unha difícil xestión dun parque heteroxéneo que obriga a dispoñer dun *stock* de material informático sobredimensionado e moi caro.

Esta problemática, que afecta a todos os ámbitos administrativos, era especialmente crítica nas sedes da Administración de Xustiza, xa a que situación do equipamento é moi desigual con máquinas non dimensionadas para as necesidades da maior parte dos xulgados, e con consumos moi altos pola súa obsolescencia.

O novo contrato, por importe de 2,16 millóns de euros en catro anualidades prioriza a redución de custos e por iso, ante a necesidade urxente de renovar o equipamento actual, a Xunta avoga por cambiar o modo de prestar este servizo substituíndo o

sistema de adquisición por compra polo de arrendamento, o que reduce o gasto e mellora a prestación do servizo.

## **APROBADO DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA**

- *A infraestrutura empresarial ocupará unha superficie de máis de 414.000 metros cadrados*
- *O investimento necesario para o seu desenvolvemento supera os 21 millóns de euros*
- *O parque será financiado con axudas do Plan do Carbón*
- *O proxecto sectorial foi promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, pero será o concello de Cerceda quen execute a expropiación dos terreos e as obras de urbanización*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o proxecto sectorial do parque empresarial de Cerceda e declarou a utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para os efectos de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do dito parque empresarial, co que remata a súa tramitación urbanística.

O proxecto sectorial foi promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Coruña, pero será o concello de Cerceda quen execute a expropiación dos terreos e as obras de urbanización, así como a posterior venda de parcelas, grazas á axudas públicas do "Plan do Carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras". Con tal fin, xa se asinou un protocolo entre o Concello e o IGVS, polo que este organismo cede ao concello o proxecto sectorial.

Este parque empresarial ocupará unha superficie total de 414.710 metros cadrados e o seu desenvolvemento suporá, segundo o proxecto, un investimento de máis de 21 millóns de euros, segundo o seguinte detalle:

- Orzamento previsto das **obras de urbanización**: 16.840.918,10 €
- Orzamento previsto de **adquisición dos terreos**: 3.785.794,11 €
- Orzamento previsto dos **traballos técnicos**: 400.000,00 €

O proxecto do parque empresarial, que na práctica será unha ampliación do actual parque do Acevedo, enmárcase nas actuacións relacionadas co convenio asinado entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e o Instituto de Reestructuración da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras que ten como obxectivo a atenuación das consecuencias socioeconómicas inherentes á diminución paulatina da actividade no sector do carbón.

Un dos mecanismos de axuda propostos é o apoio aos proxectos de investimento empresarial e a aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial co

obxectivo de xerar e asentar emprego, aspecto este clave para neutralizar as consecuencias do esgotamento da actividade mineira.

A actuación configúrase como un complexo de actividades económicas, na medida en que constitúe unha zona de concentración de actividades económicas e empresariais de carácter multifuncional, desempeñando unha función estratéxica, en íntima relación co nodo loxístico da área metropolitana da Coruña e a súa relación co territorio da propia provincia da Coruña (Santiago – Ferrol - A Coruña a través da AP-9, Carballo – Arteixo – Costa da Morte a través da A-6), da rexión (Lugo a través da A-6, Vigo Pontevedra a través da AP-9) e o territorio nacional e internacional (a través de portos e aeroportos).

## **A XUNTA E A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL INVESTIRÁN 7 MILLÓNS DE EUROS NA PRIMEIRA FASE DAS OBRAS PARA EVITAR INUNDACIÓNS NA VILA DE SARRIA**

- ***O Plan Hidrolóxico sinala como área de elevado risco de inundacións o tramo da canle do río Sarria ao seu paso polo núcleo urbano***
- ***Coa execución da obra minimizarase o risco de danos a persoas e bens producidos por grandes enchentes***
- ***A solución adoptada consistirá na reordenación de aproximadamente 500 metros de canle nas marxes dos ríos Sarria e Celeiro***
- ***A achega da Xunta de Galicia corresponderase con fondos obtidos a través do Canon da auga que, polo seu carácter finalista, fai posible este tipo de investimentos***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, o concello lucense de Sarria e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), co fin de levar a cabo o financiamento e execución da primeira fase das obras de adecuación da canle e ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro no citado termo municipal.

Neste momento, nunha gran parte do núcleo urbano de Sarria existe un importante risco de danos a persoas e bens no caso de que se produzan grandes enchentes no río Sarria. Por esta razón o Plan Hidrolóxico a sinala como área de elevado risco de inundacións, concretamente, o tramo da canle do río Sarria ao seu paso polo núcleo urbano.

A solución proxectada nesta fase consiste na reordenación de aproximadamente 500 metros de canle, mediante actuacións encamiñadas a minimizar os efectos das inundacións na vila, que contará cun investimento total de 6.700.000 €. O prazo para a execución das obras é de 24 meses, estando previsto o seu inicio este mesmo ano 2013, polo que estarán finalizadas no ano 2015.

### **Zonas de actuación**

Co fin de proxectar as actuacións necesarias para reducir riscos de inundación, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil redactou o "Proxecto de ordenación de marxes dos ríos Sarria e Celeiro", documento que intervén sobre o río dende augas arriba do campo de fútbol local ata augas debaixo da EDAR e sobre o río Celeiro en todo o seu tramo urbano.

A obra que se vai executar esténdese tamén dende a ponte da rúa Peregrino ata a ponte da rúa Calvo Sotelo, o que supón a reordenación de aproximadamente 500 metros de canle. Nesta primeira fase remodelaranse tres pontes: a das rúas Peregrino, Calvo Sotelo e Castelao, e unha pasarela na rúa Toleiro, para que deixen de ser un obstáculo

fronte ás enchentes. Tamén se actuará sobre o propio paseo do Malecón, facendo compatible o seu uso cos períodos de enchentes e modernizando a súa imaxe.

Dado o alto custo económico total do proxecto, que supón un investimento de máis de 20 millóns de euros, decidiuse actuar sobre o treito máis urbano e con maiores riscos de forma que se mellora a capacidade de desaugamento do río no tramo do Malecón, obras que son completamente compatibles coa futura execución do resto do proxecto.

### **Orzamentos**

Para levar a cabo o proxecto, a achega das administracións participantes é a seguinte:

<b>TOTAL</b>	
<b>CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL</b>	<b>5.360.000,00 €</b>
<b>E.P.E. AUGAS DE GALICIA</b>	<b>1.738.483,78 €</b>
<b>SUMA</b>	<b>7.098.483,78 €</b>

### **Colaboración entre administracións**

Neste convenio establécense as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia, o Concello de Sarria e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento e execución das mencionadas obras, e a entrega e a formalización da encomenda de xestión para o seu mantemento e conservación. Así, a Confederación Hidrográfica realizará as xestións administrativas precisas para a obtención de terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de obras, as súas modificacións e posibles obras complementarias, a través do procedemento de expropiación forzosa. Así mesmo, tamén licitará e xestionará o contrato de obra.

Pola súa parte, Augas de Galicia participa no financiamento da actuación mediante unha subvención a favor da CHMS, asumindo así na súa integridade o cofinanciamento dos fondos europeos que dedica o Estado para a execución das obras. A achega da Xunta de Galicia corresponderase con fondos obtidos a través do canon da auga que, polo seu carácter finalista, fai posible este tipo de investimentos.

Finalmente, o Concello de Sarria manifestou a súa vontade de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras resultantes.



**A CONSELLERÍA DE SANIDADE TEN PREVISTO SUMARSE AO NOVO ACORDO MARCO PARA A COMPRA DE VACINAS DA GRIPE DESTE ANO, CO OBXECTIVO DE CONSOLIDAR O AFORRO DE CUSTOS CONSEGUIDOS NA ANTERIOR CAMPAÑA MANTENDO A CALIDADE**

A Consellería de Sanidade vai adherirse ao novo acordo marco coordinado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a selección das vacinas contra a gripe deste ano, co obxectivo de consolidar o aforro substancial dos custos asociados á súa adquisición acadado o pasado ano, mantendo a calidade das vacinas, e contribuindo, deste xeito, ao obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Neste acordo marco, por un importe de 2.144.000 euros prevese a compra de dous tipos de vacina de gripe para Galicia. Así, mercaranse 230.000 doses de vacina de gripe con inmunidade reforzada para maiores de 75 anos ou persoal institucionalizado e, ademais, outras 330.000 doses de vacina de virus fraccionados para o resto da poboación para a cal está indicada a vacinación, isto é, maiores de 60 anos e menores desa idade con certas patoloxías crónicas que incrementan o risco de complicacións.

Cómpre sinalar que no ano 2012 a Consellería de Sanidade xa se sumara a este acordo marco que coordina o Goberno central e acadara uns resultados moi favorables, posto que permitiu unha rebaixa do prezo de máis de 900.000 euros respecto do custo da anterior campaña.

En consecuencia, grazas a esta iniciativa, a Consellería de Sanidade ofertará, un ano máis, a vacinación antigripal á poboación galega, co obxectivo principal de diminuír o número e gravidade das complicacións derivadas de padecer a gripe.

## **A XUNTA AVANZA NA LEI COA QUE CONTINUARÁ AFONDANDO NO PROCESO DE RACIONALIZACIÓN ADMINISTRATIVA INICIADO EN 2009**

- *A nova norma consolida pautas de mellora continua, simplifica a tramitación dos procedementos administrativos, fomenta a utilización de medios electrónicos e reducirá as cargas administrativas soportadas polos cidadáns e as empresas*
- *A contratación pública fomentará o acceso á contratación das pemes e incentivará a inclusión de criterios sociais, ambientais e as solucións innovadoras*
- *Compromete a Xunta de Galicia coa racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa, co obxectivo de conseguir un mapa normativo máis claro e sinxelo, que dea seguridade xurídica e elimine obstáculos administrativos*

O Consello da Xunta informou esta mañá sobre o proxecto de Lei de racionalización da Administración autonómica, co que o Goberno galego dá un paso máis no camiño da racionalización, simplificación e redución administrativa que iniciou de xeito pioneiro en 2009 e completa o círculo das reformas que se iniciaron coa Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia ou "Lofaxga".

A nova norma fundaméntase na racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e consolida pautas de mellora continua na dimensión das súas estruturas administrativas, adoptando medidas que simplifiquen a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos, fomenten a utilización de medios electrónicos e reduzan as cargas administrativas soportadas polos cidadáns e as empresas nas súas relacións coas administracións públicas.

Con estes fins, elaboraranse periodicamente plans de avaliación e reestruturación que analicen a estrutura organizativa da Administración xeral e instrumental, e a constitución de novos entes quedará supeditada ao informe previo da xustificación da súa creación, sempre baixo o principio básico de evitar duplicidades.

Así mesmo, o texto recolle que se habilitará unha guía de procedementos e servizos, permanentemente actualizada, e que se adoptarán medidas de supresión de trámites e de documentación exixible. Ademais, continuando co obxectivo de blindar por lei as medidas que o Goberno galego adoptou na pasada lexislatura en materia de boas prácticas, dáse rango legal á exixencia de publicar as declaracións patrimoniais dos membros da Xunta.

### **Colaboración dentro do sector público**

O texto divídese en catro títulos, o primeiro deles centrado en regular a colaboración dentro do sector público. A Comunidade Autónoma galega desenvolverá un principio fundamental que se está a reivindicar dende as institucións europeas: o principio de "autoprovisión", que considera que a administración non está obrigada a acudir ao mercado cando teña a posibilidade de realizar tarefas de interese público cos seus

propios medios, de maneira que garanta o uso racional, eficiente e eficaz dos recursos públicos e a actuación coordinada do sector público autonómico.

Deste xeito, o proxecto de lei establece a elaboración de catálogos de medios e prestacións susceptibles de seren obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico. Nestes catálogos, incluíranse as prestacións de asistencia xurídica, control económico-financeiro, auditoría de contas ou de funcionamento, auditoría enerxética, avaliación de resultados, estatística, hixiene e saúde laboral, formación de empregados públicos, Administración electrónica e innovación e desenvolvemento tecnolóxico. Para os medios e prestacións incluídas no catálogo, só poderá acudirse á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable.

### **Racionalización e redución de custos na contratación**

O título segundo regula a racionalización e redución de custos na contratación pública autonómica no caso daqueles servizos que a Xunta ten que obter necesariamente do mercado. Nestes casos, o que se persegue é garantir a estabilidade orzamentaria, o control de gasto e o fomento da participación da pequena e mediana empresa, para unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

A contratación centralizada configúrase como instrumento idóneo para a consecución destes obxectivos, polo que o Consello da Xunta creará unha comisión interdepartamental que determinará as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que polo seu carácter común se poida contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos.

Estarán incluídas nesta modalidade de contratación centralizada as prestacións de mantemento, limpeza, seguridade, servizos postais e telegráficos, telecomunicacións, mensaxería e paquetería, mantemento e reparación de vehículos, fotocopiadoras, combustibles, enerxía eléctrica e gas.

Así mesmo, neste segundo título tamén se destaca o fomento do uso de medios electrónicos na contratación pública, como medida de simplificación procedemental e racionalización administrativa, e fíxase que nun máximo de dous anos dende a entrada en vigor da lei poderán presentarse de xeito electrónico todas as ofertas e solicitudes.

### **Incentivar criterios sociais e innovadores**

Doutra banda, co fin de axilizar o proceso, facilitarase que as empresas só teñan que presentar determinada documentación no caso de resultaren adxudicatarias dun contrato, non nas fases previas; e ponderarase a inclusión de criterios sociais e ambientais como criterios de adxudicación e como condicións especiais de execución de contratos.

Así, os órganos de contratación poderanlles reservar a participación en determinados procedementos de adjudicación de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral; especialmente a aqueles en que polo menos o 70 por cento das persoas traballadoras sexan persoas con discapacidade. A Xunta tamén incentivará a través da súa contratación pública a innovación empresarial, favorecendo nos pregos as solucións innovadoras.

### **Fomento das pemes**

A nova lei tamén establece que os órganos de contratación da Administración autonómica deberán adoptar medidas que fomenten o acceso á contratación das pequenas e medianas empresas (pemes). Así, á hora de configurar os contratos deberán permitir a súa división en lotes -sempre e cando sexa posible este fraccionamento-; a posibilidade de subcontratación do obxecto do contrato; e que os acordos marco se conclúan, como regra xeral, con varios licitadores. Noutro caso, deberán xustificarse nunha memoria os motivos que determinan a necesidade de concluír o acordo marco cun único empresario.

### **Mapa normativo máis sinxelo**

O título terceiro da nova norma compromete a Xunta de Galicia coa racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa. Para iso, establece que o Consello da Xunta aprobará unhas directrices de técnica normativa que proporcionen pautas para a elaboración de textos máis sinxelos, homoxéneos e comprensibles; ao tempo que encomenda ao Executivo autonómico iniciar unha actividade de refundición normativa e de derogación expresa da normativa non vixente, co obxectivo de desenlear o ordenamento xurídico galego e conseguir un mapa normativo máis claro e sinxelo, que dea seguridade xurídica e elimine obstáculos administrativos.

### **Sistematización, reordenación e supresión de entidades**

Por último, o cuarto e derradeiro título está dedicado á "Sistematización, reordenación e supresión de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico" e contén previsións relativas á extinción ou fusión de varios entes instrumentais.

Neste sentido, os procesos de reestruturación previstos inclúen a supresión e liquidación da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria; a refundición nun só ente do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e do Instituto Galego de Estatística, así como a do Instituto Galego do Consumo e do Consello Galego da Competencia; e a fusión nun único órgano do Centro de Transfusións de Galicia, a Oficina de Coordinación de Transplantes ou os bancos de tecidos terapéuticos e biobancos.

## **O CANON EÓLICO SUMA DESDE A SÚA POSTA EN MARCHA MÁIS DE 91 MILLÓNS DE EUROS RECADADOS EN BENEFICIO DOS CONCELLOS GALEGOS**

- ***Este ano acadáronse máis de 23 millóns que, a través do Fondo de Compensación Ambiental, se distribuirán entre os municipios galegos***
- ***Os concellos poderán desenvolver actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ou á recuperación do medio natural, impulsando a utilización sustentable das fontes renovables***

A recadación do canon eólico superou este ano os 23 millóns de euros, unha cifra que supón que, desde a posta en marcha deste tributo ambiental, no ano 2010, se recadaron xa máis de 91 millóns de euros. A través do canon, a Xunta de Galicia amosa o seu compromiso tanto co ambiente como co impulso ao financiamento dos concellos nun momento de especial dificultade.

Non en van a recadación se distribúe a través do Fondo de Compensación Ambiental, que distribúe os beneficios co obxecto de que os concellos, en especial os que teñen parques eólicos no seu ámbito municipal, resulten beneficiarios de subvencións que se materializan en melloras para os seus cidadáns.

Os fondos obtidos mediante o canon eólico, tal e como recolle o informe do cal se deu conta hoxe ao Consello da Xunta, destínanse, en primeiro lugar, a actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, á recuperación do medio natural e ao coñecemento e á utilización recreativa e didáctica dos recursos. Ademais, tamén repercuten naquelas accións que pretendan impulsar a eficiencia e utilización sustentable das enerxías renovables, ou sobre calquera outra actuación de protección do ambiente.

Deste xeito, o canon eólico representa o forte compromiso do Goberno galego coas facendas locais, ademais de ser unha clara mostra da aposta da Xunta polo reequilibrio territorial, xa que beneficia sobre todo municipios pequenos e do interior de Galicia para os cales representa, cada ano, unha importante fonte de ingresos.

O canon sumou, en 2013, 23 millóns de euros, cifra que se distribúe entre 131 parques do total de 149 en funcionamento a día de hoxe. A tributación depende do número de aeroxeradores instalados en cada parque eólico e están exentos aqueles parques con 3 ou menos aeroxeneradores.

Coa recadación obtida este ano aspírase a mellorar as cifras acadadas ata o de agora polo Fondo de Compensación Ambiental, que beneficiou máis de 230 concellos de toda Galicia, sumando cerca de 600 proxectos. Entre as iniciativas postas en marcha ao longo deste tempo destacan as relacionadas co aforro e a eficiencia enerxética, a creación de aldeas etnográficas, medidas de conservación de especies en perigo de extinción, creación de aulas da natureza e de centros de interpretación, entre outras.

## **A XUNTA MOBILIZA 6,5 MILLÓNS EN PROXECTOS QUE IMPULSAN A INNOVACIÓN EN 266 PEMES GALEGAS**

- ***A nova convocatoria do programa Innoempresa do Igape destina preto de 3 millóns de euros ao desenvolvemento de actuacións en pequenas e medianas empresas nos ámbitos tecnolóxico, organizativo e de xestión empresarial***
- ***Para facilitar o acceso das pemes á innovación, o investimento medio por proxecto situouse en 35.000 euros e a axuda máxima alcanza o 50%***

A Xunta de Galicia mobilizará 6,5 millóns de euros no desenvolvemento de diferentes proxectos que permitirán impulsar a innovación en 266 pemes galegas. Así, a través da última convocatoria do programa Innoempresa promovido polo Igape, a Consellería de Economía e Industria destina preto de 3 millóns de euros a unha iniciativa que pretende dar resposta ás necesidades do tecido empresarial galego beneficiando as pequenas e medianas empresas, que verán incrementada a súa competitividade a través da innovación.

O programa Innoempresa facilita o acceso das pemes a proxectos innovadores cun investimento medio por proxecto de 35.000 euros, e cunha axuda máxima que alcanza o 50% do seu custo. Deste xeito, executaranse proxectos cuxa importancia reside non só nos novos produtos e procesos que se incorporan á empresa senón tamén na actitude proclive á introdución de cambios e melloras que representan.

Este programa comprende tres liñas básicas de actuación: innovación organizativa e de xestión avanzada; innovación tecnolóxica e calidade; e proxectos de innovación en colaboración. As ditas liñas están baseadas na utilización de instrumentos e procedementos de xestión xa contrastados para impulsar a promoción da competitividade das pemes a través da innovación.

Na primeira destas liñas –a destinada á innovación organizativa e de xestión avanzada-, resultaron beneficiarias 226 empresas, máis do 90% das cales acadarán melloras competitivas mediante a incorporación de ferramentas de xestión avanzada. O resto, un total de 14, verán incrementada a súa competitividade a través do deseño de novos produtos.

Ao amparo da liña para promover a innovación tecnolóxica e de calidade aprobáronse proxectos que beneficiarán 34 empresas: 18 delas acadarán certificacións de I+D+i e as outras 16 incorporarán medidas de desenvolvemento tecnolóxico.

Por último, as 6 empresas beneficiarias dos proxectos de colaboración realizarán actuacións conxuntas encamiñadas á mellora da súa cadea de valor e ao desenvolvemento de ferramentas de xestión común.

O programa Innoempresa constitúe un dos principais instrumentos impulsados pola Consellería de Economía e Industria para facilitar a mellora da competitividade das pemes galegas a través da innovación. Neste sentido, complementábase cos programas Feder Innterconecta, que mobilizarán 210 millóns para o desenvolvemento de proxectos de innovación.

## **NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO 22 NOVOS CENTROS SOCIOSANITARIOS INCORPORARANSE AO PROGRAMA DE PRESTACIÓN FARMACÉUTICA DO SERGAS**

- ***O programa supón un beneficio asistencial para os pacientes, xa que o seguimento da súa farmacoterapia se realiza de xeito individualizado, baixo a responsabilidade dun farmacéutico do Sergas, o que facilita a continuidade asistencial***
- ***Ademais, é unha garantía para acadar unha xestión máis eficiente dos recursos farmacoterapéuticos, xa que supón un aforro medio de 580 euros por residente e ano***
- ***Un total de 92 centros e preto de 11.300 residentes poderán beneficiarse deste programa***

No primeiro semestre deste ano, o Servizo Galego de Saúde ten prevista a incorporación ao seu Programa de atención farmacéutica nos centros de asistencia social de 22 novas institucións sociosanitarias, que inclúen un total de 2.552 residentes. Así se recolle nun informe do departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez e que hoxe abordou na súa reunión semanal o Consello da Xunta. O dito programa, que se iniciou no ano 1998, consiste no seguimento farmacoterapéutico individualizado dos residentes, para propiciar unha farmacoterapia integrada, coordinada co hospital, e de maior calidade, seguridade e eficiencia.

Así, grazas a esta iniciativa, o hospital de referencia convértese no provedor dos medicamentos e produtos sanitarios financiados que precisen os residentes dos centros de asistencia social. Pola súa banda, nos centros sociosanitarios en que aínda non está implantado o programa de atención farmacéutica, os usuarios obteñen os recursos terapéuticos que forman parte da prestación farmacéutica a través da súa prescrición en receita médica oficial e posterior dispensación en oficina de farmacia, e son financiados polo Sergas. En consecuencia, con este programa, a terapéutica dos residentes do centro adécuase á guía farmacoterapéutica do hospital de referencia.

Este sistema de prestación de atención farmacéutica dende o hospital de referencia aos usuarios do centro de servizos sociais supón, por un lado, un beneficio asistencial para os pacientes, posto que o seguimento da súa farmacoterapia se realiza de xeito individualizado, baixo a responsabilidade dun farmacéutico dos centros asistenciais do Sergas, e fomenta a continuidade asistencial; e, por outro lado, unha garantía para acadar unha xestión máis eficiente dos recursos farmacoterapéuticos, o que supón un aforro medio de 580 euros por residente e ano.

Xunto ao anteriormente sinalado, obtense un aforro adicional pola eficiencia como consecuencia da adecuación da farmacoterapia á guía do hospital e por un maior aproveitamento dos envases.



**Preto de 11.300 e 92 centros no Programa no primeiro semestre**

A este Programa de atención farmacéutica está programada a incorporación, no primeiro semestre do ano, de 22 centros e 2.552 residentes, o que posibilitará que esta iniciativa chegue a un total de 92 centros e preto de 11.300 residentes. Na actualidade, o Programa ten incorporados na nosa Comunidade preto de 8.700 prazas, que están en 70 centros residenciais, e a súa prestación farmacéutica realízase a través de 12 hospitais da rede do Sergas.

## **A XUNTA PON EN MARCHA O INFORME SOCIAL UNIFICADO QUE CREA UN MODELO COMÚN DE ACCESO A SERVIZOS DE DEPENDENCIA, DISCAPACIDADE E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao informe que dá conta desta nova ferramenta que empezará a funcionar nos próximos meses***
- ***Permitirá diminuír ao mínimo o proceso de formalización da documentación, ao tempo que se unifican os criterios e a organización da información***
- ***Facilitará unha mellor coordinación entre os distintos profesionais e institucións, que contarán cunha perspectiva global da situación da persoa***
- ***Constitúe un máis dos distintos avances que se realizaron para mellorar a xestión do sistema durante os últimos catro anos***

A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha nos próximos meses o novo Informe Social Unificado (ISU), que constituirá un proceso común que permitirá o acceso, a través do mesmo modelo, aos distintos servizos sociais das áreas de dependencia, a discapacidade e a promoción da autonomía persoal. Tamén será o documento de referencia para acceder á rede de recursos para maiores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, con carácter xeral, para o acceso aos servizos sociais comunitarios de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade. Ata o de agora, había un modelo distinto vinculado a cada un dos procedementos.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao informe que dá conta desta nova ferramenta, que se desenvolverá a través da publicación, a próxima semana, dunha orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Ao mesmo tempo que o ISU, aprobarase tamén a publicación do seu manual coa descrición de cada unha das partes.

O obxectivo desta iniciativa é continuar traballando na mellora do sistema de servizos sociais e impulsar a coordinación entre os distintos profesionais e institucións, ao tempo que se acada unha maior eficiencia da xestión minorando, na medida do posible, a formalización de documentación.

Actualmente, exixíase un informe distinto para o acceso a cada unha das áreas. Por exemplo, para o recoñecemento de grao de dependencia e para o grao de discapacidade facíase necesario solicitar dous informes sociais distintos. O mesmo sucedía para o acceso a outros servizos vinculados á promoción da autonomía.

Agora, o modelo ISU configurarase para o seu uso xeneralizado para os traballadores sociais relacionados con estes servizos. O que se pretende, ademais, con este novo instrumento é, entre outros aspectos, que os criterios para a recompilación e organización da información sexan o máis homoxéneos posible.

Ademais, no ISU recollerase a información imprescindible para a aplicación dos baremos de acceso a diferentes servizos, o que permitirá, pola súa vez, a comunicación e coordinación entre profesionais e institucións.

Ao recoller a información básica, a través dun instrumento normalizado, lograse unha perspectiva global da situación da persoa, das súas necesidades e potencialidades, así como da súa rede de apoio social e institucional.

O ISU tamén facilitará unha información que, na medida en que se vaia recollendo nos distintos sistemas de información e xestión, poderá ser utilizada polos profesionais sen necesidade de ter que volver solicitala.

Todo isto repercutirá nunha minoración da carga dos traballadores sociais á hora de realizar distintos informes.

Hai que salientar que este modelo se propón xa coa perspectiva dun formativo electrónico, isto é, coa posibilidade de que sexa remitido telematicamente minorando aínda máis a carga burocrática. Tamén está concibido para a súa vinculación futura aos sistemas de información precedentes (SIGAD, SIUSS, IANUS...), configurando un paso máis na futura creación dunha historia social única.

Á hora da elaboración deste documento, contouse coa participación dos principais axentes implicados na súa posterior utilización, a través dun grupo de traballo constituído para este efecto e coordinado polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. Isto permitiu incorporar a experiencia dos profesionais que traballan neste ámbito.

### **Melloras no sistema**

Ao longo dos últimos catro anos, a Consellería traballou en distintos avances co fin de mellorar os instrumentos de xestión do sistema da dependencia. Así, entre outras novidades, estableceuse unha ferramenta informática que permite a xestión integral de todo o procedemento.

Tamén se puxo en marcha o módulo extranet aos concellos, que facilita a consulta do estado de tramitación administrativa dos expedientes e solicitudes de dependencia. A través deste mesmo módulo informático habilitouse o Programa de asignación de recursos (PAR), que permite a xestión da asignación do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, así como o seu financiamento, a través dunha xestión máis áxil e automatizada.

Habilitouse tamén un servizo de información ao cidadán a través do 012. Ademais, xa se traballou no expediente dixital, que xa está implementado e que estará ao cento por cento neste ano 2013. Este último persegue a mellora nos tempos de resolución e na

calidade de xestión. Tamén permitirá unha mellora nos servizos ofrecidos á cidadanía mediante a implantación de escenarios de Administración electrónica.

Todas estas medidas inscríbense nun plan de mellora de calidade, no que destaca a Carta de servizos do sistema para a autonomía e atención á dependencia, a primeira auditada que se aproba en materia de servizos sociais.

## **A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREIRO PARA A PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS PRAGAS DOS VEXETAIS**

- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar destina 120.000 euros para estas actuacións, a 60.000 euros por ano durante dous anos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural e do Mar para renovar un convenio de colaboración coa Estación Fitopatolóxica do Areiro -dependente da Deputación de Pontevedra- para a prevención e loita contra as pragas dos vexetais. Este convenio bianual ten un orzamento total de 120.000 euros, 60.000 euros por ano.

O convenio céntrase no diagnóstico de mostras de vexetais para a detección de pragas de corentena, así como outros aspectos relativos ao asesoramento en materia de sanidade vexetal e loita contra as pragas e enfermidades en coordinación con outras administracións. O obxectivo principal é mellorar o seguimento das pragas máis perigosas para unha rápida detección e erradicación, xa que é unha obriga directa das comunidades autónomas.

### **Colaboración técnica da Consellería**

Para este propósito, o departamento que dirixe Rosa Quintana fornece os técnicos do *Servizo de Sanidade e Producción Vexetal* e persoal provincial. Serán os encargados de realizar o traballo de campo, e de levar a cabo a identificación de posibles cultivos infectados, o establecemento de plans de acción, a realización de actas de inspección e a toma de mostras para o seu posterior envío ao laboratorio.